

Tema 3

Os instrumentos.

- ◆ Clasificación dos instrumentos musicais segundo a técnica de produción do son: Cordófonos, membranófonos, idiófonos, aerófonos, electrófonos.
- ◆ Tipoloxía, familia, grupo e subgrupo.
- ◆ Os instrumentos escolares.
- ◆ Os instrumentos populares.
- ◆ Agrupacións orquestrais: Orquestra de corda, orquestra sinfónica, banda de música, agrupacións de cámara (dúos, tríos, cuartetos, quintetos, etc.)
- ◆ Agrupacións instrumentais populares de Galicia.

1. Clasificación dos instrumentos musicais segundo a técnica de produción do son: Cordófonos, membranófonos, idiófonos, aerófonos, electrófonos.
 - » Os instrumentos clasifícanse en cinco grandes grupos, atendendo en primeiro lugar á maneira de producir o son e secundariamente á maneira de tocalos e á súa construción.
 - ? Idiófonos (autorresoadores): Instrumentos que producen o son mediante vibración propia.
 - ? Membranófonos (resoadores de membrana ou parche): Instrumentos de percusión con membrana ou parche.
 - ? Cordófonos (resoadores de cordas): Instrumentos de cordas que vibran.
 - ? Aerófonos (resoadores de aire): Instrumentos de vento.
 - ? Electrófonos (resoadores de corrente eléctrica): Instrumentos con aparato de execución e amplificación.

2. Tipoloxía, familia, grupo e subgrupo.
 - » Normalmente agrupamos os instrumentos en familias: Corda Vento Percusión e Electrófonos

 - » Cordófonos ? A familia da corda:
 - ? O son prodúcese por medio de cordas que vibran. Estas cordas poden ser de orixe animal (tripa, crin, seda), metálicas (aceiro, aluminio), sintéticas (nylon) ou tamén combinando distintos materiais (interior de seda e exterior de aceiro).
 - ? Atendendo á maneira de conseguir o son clasifícanse:
 - a) De corda pulsada: ben sexa cos dedos ou cunha púa.
 - b) De corda fretada: As cordas frétanse cun arco.
 - c) De corda percutida: As cordas son golpeadas por un martelo accionado por teclas como no caso do piano, ou tamén con baquetas como sucede co salterio

» Aerófonos ? A familia do Vento:

? A principal característica é que a produción do son efectúase pola vibración da columna de aire.

? A clasificación mais coñecida agrúpaos da seguinte maneira:

- a) Vento-madeira: O mecanismo de produción-emisión do son no tubo (normalmente de madeira) pode ser de maneiras diferentes:
 - Mediante un bisel (fauta doce ou de pico)
 - Mediante unha lingüeta simple (clarinete, saxofón)
 - Mediante unha lingüeta dobre (óboe, fagot...)
- b) Vento-metal: O son prodúcese pola vibración dos labios do instrumentista aplicados directamente sobre a boquilla (trompeta, tuba...)
- c) De teclado: Son instrumentos que xeneran o aire mediante un fol e pasa os tubos accionado por un ou varios teclados (Órgano, acordeón...)

» Idiófonos e Membranófonos ? A familia da percusión

? Son instrumentos que normalmente son "golpeados" para que produzan o son.

? Segundo o son que producen poden agruparse en:

- a) De son determinado: Con eles podemos producir sons de altura determinada (Timbais, xilófonos, metalófonos...)
- b) De son indeterminado: Non poden reproducir notas de altura determinada (triángulo, bombo, claves, gong...)

? Si atendemos o axente produtor do son podemos agrupalos:

- a) Idiófonos: O corpo do propio instrumento produce o son mediante vibración xa sexa mediante golpes, entrechoque, rascado...
- b) Membranófonos: Levan unha membrana ou parche que vibra cos golpes (bombo, pandeiro...)

» Electrónos ? A familia dos eléctricos

? Na segunda metade do século XX e gracias ós avances tecnolóxicos aparecen os chamados instrumentos electrónos

? A principal característica é que precisan de amplificadores e altavoces.

? Pódense agrupar en dous grupos:

- a) Eléctricos: Son instrumentos tradicionais que amplifican o son electricamente (Baixo, batería...)
- b) Electrónicos: Xeneran os sons por si mesmos (sintetizadores, tarxetas de son, teclados...)

3. Os instrumentos escolares

» Os instrumentos de percusión Orff. Chámase así por ser o músico Carl Orff quen ideou un sistema sinxelo para poder utilizalos na escola. Son instrumentos pensados para xogar cos sons, co ritmo. Dividímolos en dous apartados:

? De altura indeterminada. Con eles só podemos facer ritmo. Podemos clasificalos en grupos atendendo ó material empregado na súa construción.

MADEIRA	Claves Caixa china Castañas Maracas Temple-block Güiro
METAL	Pandereta Triángulos Crótalos Cascabeis Variñas metálicas Prato
PEL	
OUTROS	Cunchas

? De altura determinada. Con eles podemos tocar melodías. Teñen caixa de resonancia e láminas afinadas con sons determinados. Hai tres grupos:

- a) Xilófonos: Teñen láminas de madeira e o seu son é seco. Tócanse con baquetas de feltro ou de la (mazas).
 - Temos tres tamaños: Soprano, o pequeno; contralto, o mediano e baixo o máis grande.
 - A marimba é un instrumento similar que ten a extensión dos tres anteriores xuntos e leva ademais tubos verticais de resonancia
 - b) Metalófonos: Son semellantes ós xilófonos pero con láminas de metal. Tamén se tocan con baquetas.
 - Tamén temos tres tamaños: Soprano, contralto e baixo.
 - O vibráfono é similar á marimba pero en metal. Ten a extensión dos tres metalófonos xuntos e leva tubos de resonancia.
 - c) Carillóns: Tamén teñen láminas de metal pero son moito máis pequenos cós metalófonos. Tócanse con baquetas de bola de madeira. Só hai dous tamaños: soprano (pequeno) e contralto (grande).
- » A fruta doce. É un instrumento de vento, con un tubo cónico inverso á súa perforación. Ten 7 buratos na parte dianteira e 1 por detrás. Emprégase na escola por ser asequible e fácil de tocar.

4. Os instrumentos populares.

- » A música popular europea é moi variada. Cada país ten os seus propios instrumentos tradicionais e os seus estilos de música definitorios. Para tocar e acompañar cancións empregáronse gran variedade de instrumentos: a gaita, a dulzaina, a frauta, as castañas, a guitarra, a cítara, o laúde, etc.
- » No folclore galego destacan os seguintes:
 - ? Nos aerófonos
 - A Gaita é o instrumento máis popular. Pénsase que a súa orixe estivo en engadir un fol ás primitivas frautas para aliviar o esforzo do tocador e conquistar continuidade no son, Coa chegada da polifonía, adaptáronse no fol uns roncós para producir notas pedais. Á máis común é a Gaita formada por fol, punteiro, ronco e soprete. Outras engaden un ou dous roncós máis, ronqueta e chillón.
 - O Chifre pertence ó grupo das frautas de pico ou bisel. A súa orixe está en frautas que os pastores facían de diversos materiais como pasatempo individual.
 - A Requinta ten moita tradición. Pertence ó grupo das frautas travesseiras. Á súa orixe está tamén nas frautas pastorís de óso ou de sabugueiro, madeira que ó ser oca non precisaba furala interiormente.
 - O Chifre e a Requinta que estiveron a piques de desaparecer, teñen hoxe un merecido rexurdimento.
 - ? Os cordófonos
 - A Zanfona pertence á familia das cordas fretadas. A súa orixe relaciónase co Organistrum, que ó se reducir de tamaño deu paso á Cinfonía, antecedente directo da Zanfona. Tócase movendo cunha man o manubrio que acciona unha roda: que ó rozar as cordas produce o son. O tempo, a outra man pulsa o teclado producindo as diferentes notas.
 - ? Os membranófonos
 - O Redobranche ou Tamboril, esencial na música de gaita, é un tambor pequeno con parches de coiro e tensados por cordas. Tócase pendurado da cintura con baquetas.
 - O Bombo semella un tambor grande que se fai soar cun mazo. Antigamente as formacións típicas de percusión empregaban bombos tanxidos por dúas mazas,
 - O Pandeiro é unha caixa cuadrangular de madeira cuberta por pel de cabuxa. No interior poden levar axóuxeres colocados en ringleiras, enfiadas nunha corda de tripa ou situados en buratos nas súas beiras.
 - A Pandeireta consiste nun aro de madeira revestido con pel de ovella por un lado só; nas súas beiras van prendidas as ferreñas dentro dunhas fendas. A Pandeira é parecida a pandeireta pero máis grande e sen ferreñas
 - ? Os idiófonos
 - As Cunchas son dúas cunchas de vieira. Cóllense unha en cada man (unha en sentido inverso da outra). Rozándose nos extremos acádanse sons agudos e no centro, graves.
 - As Tarañolas, Texoletas ou Castañetas son dúas pezas rectangulares independentes cun asento para os dedos que soan ó golpear unha con outra ó bater a man. Poden ser de madeira, lousa, óso, etc.
 - O Charrasco consiste nun longo mastro de madeira que ten na parte superior un bastidor con varias ringleiras de ferreñas que soan ó bater cun pao o cable que vai dende a metade do mango ó bastidor Debe de golpearse a base do mastro contra o chan alternativamente co pao no cable.

5. Agrupacións orquestrais: Orquestra de corda, orquestra sinfónica, banda de música, agrupacións de cámara (dúos, tríos, cuartetos, quintetos, etc.)

- » Entendemos que hai agrupación cando dous ou mais instrumentos tocan xuntos.
 - » Para facer unha pequena clasificación debemos ter en conta tres características:
 - ? O número de instrumentistas que a forman (dúo, trío, cuarteto, quinteto...)
 - ? A clase de instrumentos que son (Cuarteto de corda, quinteto de metal...)
 - ? O tipo de música que tocan (charanga, banda, orquestra...)
- » Clasificación básica.
 - ? Grupos de cámara. Son pequenos grupos que interpretan música clásica. Admite moitas combinacións de instrumentos.
 - a) Trío con piano: formado por un violín, un violoncello e un piano.
 - b) Cuarteto de corda: formado por un violín 1º, violín 2º, viola e violoncello é unha das combinacións preferidas dos compositores.
 - c) Quinteto de corda: Engade unha viola sobre os instrumentos do cuarteto
 - d) Quinteto de vento): formado por frauta, óboe, clarinete, fagot e trompa
 - e) Octeto de vento: formado por dous óboes, dúas trompas, dous fagots e dous clarinetes.
 - ? Orquestras.
 - a) Orquestra sinfónica: É a agrupación mais importante en canto a número de compoñentes. Agrupa e combina tódalas familias instrumentais. Esta formación afiánzase no Barroco e vai evolucionando. No século XIX chega a ter 100 músicos pero no s. XX redúcese ata aproximadamente 80.
 - b) Orquestra de cámara: É unha orquestra que non pasa de 40 músicos. A maioría dos instrumentos son de corda, aunque pode ter instrumentos de vento ou de percusión si a obra os require.
 - ? Bandas: Teñen características peculiares atendendo á súa función musical
 - a) De desfile: Formada por instrumentos de vento-metal, vento-madeira e percusión, tendo dous músicos en cada grupo polo menos.
 - b) De concerto: É como unha orquestra sinfónica pero sen instrumentos de corda.
 - c) De rock-pop: Recóllese con este nome unha variedade grande de grupos. Surxen a partir dos anos 50 e normalmente teñen cinco músicos como mínimo, sendo un deles o vocalista.
 - d) De jazz: O número de músicos pode variar bastante e os instrumentos tamén. A súa música está baseada na improvisación sobre temas.
 - e) "Orquestras de verbena": Instrumentos variados. Presencia de vocalistas. Interpretan preferentemente canción popular.


POSIBLES PREGUNTAS DE CONTROL

➔ Une cada término ca súa definición


- Electrófonos (autorresonadores): Instrumentos que producen o sonido mediante vibración propia.
- Cordófonos (resonadores de membrana ou parche): Instrumentos de percusión con membrana ou parche.
- Aerófonos (resonadores de cordas): Instrumentos de cordas que vibran.
- Idiófonos (resonadores de aire): Instrumentos de vento.
- Membranófonos (resonadores de corrente eléctrica): Instrumentos con aparato de execución e amplificación.

➔ Completa o esquema dos instrumentos e coloca cada nome no seu sitio:

Acordeón Armonio Arpa Bandurria Bombo Caixa (tambor)	Caixa china Campanas Carillón Cascabeis Castañolas Celesta	Cencerros Clarinete Contrabaixo Fagot Flauta Gong	Guitarra Laúde Lira Mandolina Maracas Oboe	Órgano Pandeireta Pandeiro Piano Platos Sonaxas	Tempelblocks Timbais Triángulo Trombón Trompa Trompeta	Tuba Viola Violín Violonchelo Xilófono
---	---	--	---	--	---	--



➔ Pon o número correspondente co nome do instrumento



6



	contrafagote
	clarinete e saxofón
	fagote
	oboe
	cornu inglés
	trompeta
	trompa
	tuba
	trombón
	flauta traveseira

➔ Completa poñendo o númeroa cada instrumento pola definición dada:

Acordeón	1
Arpa	2
Bombo	3
Bongos	4
Caixa china	5
Clarinete	6
Contrabaixo	7
Fagote	8
Flauta	9
Flauta traveseira	10
Gong	11
Guitarra	12
Laúde	13
Oboe	14
Órgano	15
Piano	16
Plato	17
Timbal	18
Triángulo	19
Trombón	20
Trompa	21
Trompeta	22
Tuba	23
Viola	24
Violín	25
Violonchelo	26

	De vento con boquilla biselada tamén chamada de pico
	De vento madeira con embocadura de dobre lengüeta e o mais grande
	De vento-metal con embocadura e tres pistóns
	O mais grande da familia do vento-metal
	De corda frotada, con pé metálico e chámanlle Chelo
	De percusión, redondo e metálico
	De percusión, metálico e forma triangular
	Membranófono de sonido indeterminado, tócase con maza
	Aerófono con lengüeta dobre e sonido moi dulce. Hai un "de amore"
	Membranófono de sonido determinado
	Idiófono de madeira
	Idiófono de metal e o nome ven do sonido que produce
	De corda percutida por teclas. Pode ter "cola"
	De corda pulsada, moitas cordas e pedales
	Aerófono de metal con embocadura. Tócase ca man metida dentro da campana
	De corda pulsada con seis cordas
	De vento-madeira e lengüeta simple
	Corda frotada con arco e nome femenino
	O mais grande da familia de corda frotada
	De vento-metal, con embocadura e vara que estira e encolle
	De corda pulsada e mástil doblado
	De vento, con bisel lateral e colócase atravesada
	O mais pequeno da familia da corada frotada
	Membranófonos de sonido determinado, tócanse ca man
	De vento con teclado e fuelle e tócase colgado dos hombreiros
	De vento, con teclado e está nas igrexas